

PROGRAMAS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten por conta allea traballadores/as para prestaren servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma Galega.

1. ANEXO A: PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL.

Os incentivos serán de aplicación para as contratacións indefinidas iniciais realizadas entre o 16 de setembro de 2009 e o 30 de xuño de 2010, con persoas traballadoras desfavorecidas:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Mozas e mozos desempregados de 30 ou menos anos de idade e sen cualificación.
- Persoas desempregadas vítimas da violencia de xénero.

REQUISITOS

- O cadro de persoal fixo ten que incrementarse respecto á media dos 3 meses anteriores ao mes de realización da contratación.
- O emprego neto da empresa ten que incrementarse respecto á media dos 3 meses anteriores ao mes de realización da contratación.

TIPOS DE AXUDAS

Incentivaranse con:

- 6.000 € cando a empresa teña no mes de contratación unha taxa de estabilidade igual ou superior á establecida no seu convenio no seu defecto ao 75%
- 2.400 € para as restantes empresas.

Estas contías graduaranse segundo as seguintes circunstancias:

- Incremento dun 10% se se contratan mulleres.
- Incremento dun 25% para as contratacións realizadas por microempresas
- Incremento dun 25% se as contratacións se realizan nunha microempresa para realizar servizos nun concello rural.
- Subvención equivalente ao 50% da subvención que corresponda, á que tamén será de aplicación os incrementos das letras anteriores, se a contratación se realiza con persoas desempregadas mozas e mozos con cualificación, e sempre que estes sexan encadrados no grupo de cotización correspondente á súa titulación profesional.

A ter en conta:

- Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio.

2. ANEXO B: PROGRAMA DE TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS.

Serán subvencionables as transformacións de contratos temporais a indefinidos:

- Que se realicen entre o 16 de setembro de 2009 e ata o 7 de maio de 2010.
- Que se realicen desde o 7 de maio e o 30 de xuño de 2010 sempre que o contrato temporal obxecto de transformación estivese vixente o 7 de maio de 2010.

REQUISITOS

- Ser microempresa.
- No resto das empresas, serán subvencionables as transformacións sempre que se leve a cabo unha contratación indefinida inicial realizada cun traballador pertencente aos seguintes colectivos desfavorecidos
 - Persoas desempregadas de longa duración.
 - Persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego.
 - Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
 - Mozas e mozos desempregados de 30 ou menos anos de idade e sen cualificación.
 - Persoas desempregadas vítimas da violencia de xénero.
 - Persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

TIPOS DE AXUDA

Incentivaranse con:

- a) 3.000 € cando as transformacións as realice unha empresa que teña no mes da contratación unha taxa de estabilidade igual ou superior á establecida no seu convenio, ou, no se defecto, ao 75%.
- b) 2.000 € nas restantes empresas.

A ter en conta:

- A contratación indefinida inicial deberá realizarse entre o 16 de setembro de 2009 e o 30 de xuño de 2010.
- Ambas contratacións deberán realizarse antes da presentación da solicitude de subvención.
- Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio.

3. ANEXO C: PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL.

Serán subvencionables as modalidades de contratación temporal, cunha duración mínima de 6 meses, que se formalicen entre o 16 de setembro de 2009 e o 30 de xuño de 2010 e se realicen con persoas desempregadas que pertencen aos colectivos seguintes:

- a) Persoas desempregadas de longa duración.
- b) Persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego.
- c) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- d) Mozas e mozos desempregados de 30 ou menos anos de idade e sen cualificación.
- e) Persoas desempregadas vítimas da violencia de xénero.
- f) Persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Serán tamén subvencionables os contratos de interinidade sempre que se realicen con persoas desempregadas para substituír persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares, por un período non inferior a catro meses nin superior a tres anos.

TIPOS DE AXUDA

Os contratos temporais incentivaranse de acordo coa seguinte escala:

- a) 2.520 € se a duración do contrato é de 6 meses.
- b) 2.940 € se a duración do contrato é de 7 meses.
- c) 3.360 € se a duración do contrato é de 8 meses.
- d) 3.780 € se a duración do contrato é de 9 meses.
- e) 4.200 € se a duración do contrato é de 10 meses.
- f) 4.620 € se a duración do contrato é de 11 meses.
- g) 5.040 € se a duración do contrato é de 12 meses.
- h) Os contratos de interinidade incentivaranse con 1.800 €

A ter en conta :

- Se o contrato se realiza a tempo parcial a contía das axudas será proporcional o tempo efectivo de traballo.

Prazo de presentación: o prazo para a presentación de todas as solicitudes de axuda rematará o 30 de xuño de 2010.

MAIS INFORMACIÓN

Orde do 4 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras dis programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras e se procede a súa convocatoria para o ano 2010 (publicado no **DOG n. 86 do 7 de maio de 2010**).